



Concello de Ribeira de Piquín

BANDO

OFERTA CURSOS DESCENTRALIZADOS PARA O PERSOAL DAS AGRUPACIÓNS DE VOLUNTARIOS/AS DE PROTECCIÓN CIVIL DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA

O martes día 24 de setembro de 2024 saíu publicada no DOG a resolución da Academia Galega de Seguridade Pública, pola que se convocan cursos descentralizados no ámbito da formación continua para o persoal das agrupacións de voluntarios/as de protección civil da Comunidade Autónoma de Galicia.

DATAS E LUGARES DA FORMACIÓN NA PROVINCIA DE LUGO

- Ribeira de Piquín: 23 de novembro.
- Vilalba: 9 de novembro.
- Palas de Rei: 16 de novembro.

CONTIDO DAS ACTIVIDADES FORMATIVAS

Desfibrilación externa semiautomática.

REQUISITOS DE PARTICIPACIÓN DOS/DAS SOLICITANTES

- Ter superado o curso básico de protección civil.
- Estar como voluntario/a activo/a na correspondente AVPC.

SOLICITUDES

- O persoal que desexe participar nos cursos convocados nesta resolución deberá cubrir o formulario de matrícula telemática dispoñible na páxina web da Agasp (<http://agasp.xunta.gal>); non se admitirá ningunha outra forma ou modelo de solicitude.
- As persoas que non sexan usuarias da páxina web da Agasp deberán previamente darse de alta nela, para o que é necesario facilitar unha conta persoal de correo electrónico.

PRAZO DE INSCRICIÓN

O prazo de presentación de solicitudes comezará a partir do **día seguinte ao da publicación da resolución no DOG e rematará o 7 de outubro de 2024.**

Para calquera información contactar coa Técnica de Emprego no Concello de Ribeira de Piquín, que estará á súa disposición de 9:00 a 15:30 horas.

Ribeira de Piquín, 24 de setembro de 2024.

O Alcalde.

Asdo.- Roberto Fernández Rico

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE

